

UNIDADE 13

ACTIVIDADES

1.DEFINIR .Explica o significado dos seguintes termos e constrúe unha frase con cada un.

- **Feudo:** Era cando o señor comprometíase a protexer ó vasalo e a mantelo na súa casa ou concederlle un castelo ou un territorio para que se mantivese él mesmo. Esta doazón tamén se pode chamar señorío, e de aí ven o termo feudalismo. O principio concedíase temporalmente, dependendo da fidelidade do vasalo. Pero co tempo convertíuse en vitalicio, e incluso pasou a herdarse de pais a fillos.
- **Cristiandade:** Era o nome polo que se coñecía a esa maior parte de Europa que profesaba o cristianismo .
- **Diócese:** Comprendían o territorio dominado por unha cidade e gobernábanas os bispos, que gozaban dun gran poder.
- **Décimo:** O décimo é a décima parte das ganancias, cantidade designada para manter o clero ou para o uso relixioso ou de caridade.
- **Ordes militares:** Os cruzados creáronas, de *monxes-soldados*(como os *Templarios* ou os *Hospitalarios*).
- **Servo:** Persoa que na sociedade feudal, pertencía aun señor que era dono das terras que ela traballaba, e estaba sometida a súa vontade.

2.CLASIFICAR. Escribe cada característica no seu lugar correspondente.

- Cabaleiro– b)Participaban en torneos.
- Clérigo– a)Cobraban o décimo.
- Campesiño– c)A maioría eran servos; e)Pagaban polo uso do muíño, a prensa, a fragua e o forno; d)Vivían concentrados en aldeas.

3.EXPLICAR. Describe os cambios da agricultura a partir do século XI.

- ¿Qué innovacións técnicas se introduciron? ¿Qué consecuencias se derivaron delas?

Melloráronse os rendementos agrícolas gracias, sobre todo, ás innovacións técnicas. Entre elas destacaban o arado de veso, que labraba a terra máis profundamente; e a rotación trienal de cultivos, que permitía alternar nunha mesma parcela cereais de inverno e de primavera e reduci-lo barbeito a unha vez cada tres anos. Nas rexións mediterráneas estendeuse o regadío e a introducción de novos cultivos. Tamén foi importante a difusión do muíño hidráulico.

- ¿De qué modo se ampliou a superficie cultivada?

Cortáronse bosques, desecáronse pantanos e caváronse novas terras, labrando campos ata daquela non cultivados.

Como consecuencia, a alimentación mellorou e a poboación creceu.

5.ANALIZAR. Describe como era Europa no ano 1000.

- *Política.* ¿Cómo estaba organizado o continente? ¿Existía unha unidade?

Cara o ano 1000, Europa estaba fraccionada en numerosos reinos e Estados independentes: o reino de Francia, o Sacro Imperio Romano Xermánico, os reinos e condados hispánicos, os Estados pontificios, os países eslavos, o reino de Hungría, o territorio escandinavo e o mundo insular británico e irlandés. (Moitos deles encóntranse no mapa anterior).

A unidade encontrábanse nuns elementos como: A relixión e a cultura escrita, xa que toda Europa era cristiá e os libros e documentos oficiais escribíanse en latín; O comercio, que aseguraba a comunicación e o intercambio do norte co sur do continente; Unhas mesmas estruturas sociais, baseadas na división entre señores e campesinos.

- **Economía.** ¿A que se dedicaba a maior parte da poboación? ¿Ocorre o mesmo nos nosos días?

Antes a maioría da poboación na Idade Media, no século XI, dedicábase á labores agrícolas. Os campesinos, vivían principalmente agrupados en aldeas, ó redor de grandes castelos ou ó redor dunha igrexa importante. Estaban sometidos baixo o poder do señor, que era quen impartía a xustiza, cobraba as multas e recadaba os impostos.

Na actualidade non é así en absoluto, porque a maioría da poboación vai vivir ás cidades para traballar, e vivimos en cidades, vilas e pobos, pero as aldeas están máis ben abandonadas; e ademais non controlan o noso diñeiro nin é o señor quen controla a xustiza.

- **Sociedade.** ¿Cres que as condicións de vida eran difíciles? ¿Por qué?

As condicións de vida da poboación europea en torno ó ano 1000 eran moi duras. A esperanza de vida era curta e os que superaban os 40 anos considerábanse vellos. A mortalidade era moi elevada. As guerras eran moi numerosas, as enfermidades eran correntes e non existían remedios eficaces contra elas. A poboación vivía dos produtos que cultivaba e calquera calamidade (secas, inundacións...) provocaba grandes fames. Máis da metade dos acabados de nacer non superaban o primeiro ano de vida e moitas mulleres morrían no parto.

- **Cultura.** ¿Por qué os mosteiros eran os principais centros de cultura? ¿Ségueno sendo na actualidade?

Porque nos mosteiros debíase conxugar a oración, a meditación e o traballo manual. Por iso, aínda que os monxes e monxas dedicábanse principalmente ó rezo, tamén copiaban manuscritos na biblioteca do mosteiro, decorábanos con miniaturas e labraban a horta, axudados por numerosos servos que dependían do abade.

Na actualidade os mosteiros sirven como centro turístico máis que nada.

6. COMPARAR. Contrasta cómo estaba organizada a Igrexa en torno ó ano 1000 e cómo o está nos nosos días.

- ¿Qué eran na Idade Media as parroquias e as dióceses? ¿Existen na actualidade coas mesmas funcións?

A Igrexa estaba organizada en parroquias e dióceses. As parroquias eran o lugar ó que se dirixían os fieis para rezaren e limitábase ó ámbito dun barrio ou dunha vila. As dióceses, en cambio, comprendían o territorio dominado por unha cidade e gobernábanas os bispos, que gozaban dun gran poder.

- ¿Quen estaba ó fronte da Igrexa católica na época medieval? ¿E nos nosos días?

Entre os bispos destacaba o papa, que era o bispo de Roma e estaba ó fronte da Igrexa. O papa, os

bispos e os curas reciben o nome de clero secular. Nos nosos tempos segue sendo o xefe da Igrexa o papa.

- ¿Qué imposto cobraba o clero medieval? ¿Existe aínda?

Unha gran parte da propiedade da terra estaba en mans de mosteiros , conventos e catedrais que, igual cós señores, cobraban rendas e censos dos seus servos. Ademáis, tódolos campesinos, incluídos os libres, pagábanlle á Igrexa o décimo, que era a décima parte da colleita. Na actualidade o décimo non existe porque a Igrexa non ten tanta autoridade nin razóns para pedilo.

- ¿Qué aspectos da vida cotiá estaban marcados na época medieval pola relixión cristiá? ¿E na actualidade?

A vida cotiá estaba marcada pola relixión . Os principais ritos persoais, desde o bautismo ata o matrimonio e o enterro, estaban relacionados co cristianismo. As campás da Igrexa marcaban o ritmo diario dos campesinos. Incluso o calendario seguía as festas relixiosas e os anos contábanse a partir do nacemento de Xesús.

8.CRONOLOXÍA. Indica en qué séculos se produciron os seguintes acontecementos.

- Aparición da orde do Císter. XII.
- Invasións maxiares, normandas e eslavas en Europa. Durante os séculos IX e X.
- Temor á fin do mundo. IX e X.
- Primeira cruzada. Comenzou no ano 1095.
- Aparición da orde de Cluny. X.